

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 17 de xuño de 2026.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Presidencia debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de xuño de 2026**, ás 17:10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2026/33A/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2026.

2. 2026/1040H PRESIDENCIA

Resolución das alegacións formuladas no expediente de expropiación forzosa tramitado para a execución das obras "mellora da rede de saneamento en Rebordechau" no termo municipal de Vilar de Barrio.

3. 2024/10252V PRESIDENCIA

Aprobación da addenda de prórroga ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Gudiña para o financiamento e execución das obras de "construción fogar residencial".

4. 2024/10255C PRESIDENCIA

Aprobación da addenda de prórroga ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Laza para o financiamento e execución das

obras de "construción dunha residencia de maiores".

5. 2024/10256K PRESIDENCIA

Aprobación da addenda de prórroga ao Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Piñor para o financiamento e execución das obras de "construción residencia de maiores e coordinación e dirección de obra"

6. 2026/10062A PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para o impulso das infraestruturas estratéxicas e da captación de investimentos para o desenvolvemento industrial da provincia de Ourense.

7. 2026/10282Q PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adaptación dos servizos de transporte público por estrada á oferta ferroviaria vixente na Estación A Gudiña – Porta de Galicia.

8. 2026/10302J PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a execución dos tramos pendentes da ronda leste A-52/A-76 e un acceso viario real e efectivo ao Polígono Industrial de San Cibrao.

9. MOCIÓNS DE URXENCIA.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.